

*mecanica*

N.º 135

Tomo 12

# nós

CASTILLO



BOLETÍN MENSUAL  
da  
CULTURA GALEGA

Direitor Literario

Vicente Risco

Direitor Artístico

Alfonso R. Castelao

Administrador

ANXEL CASAL

---

DIRECIÓN E REDAUCIÓN:

Sto. Domingo, 47—OURENSE

ADEMINISTRACIÓN:

SANTIAGO

---

ABONAMENTO

NOTA

Doce números, na Península	8'00 pesetas.
Fora da Península	8'00 >
Número solto	0'70 >

Este boletín non publicará mais orixinas qu'os que foran directamente solicitados pol-a Dirección. Tampouco se fai solidario das ideas n-eles emitidas, a non ser das que por non iren rubradas, enténdense que son da Redaución.

Os pagos son adiantados e os gastos de xiro de conta dos suscritores

SUMARIO

XOAN ANTONIO SACO ARCE por PAULINO PEDRET CASADO.

ALCIPRES, por XOSÉ VELO

GALLIZA, PÁTRIA DA CANÇÃO, por GUILHERME DE ALMEIDA

PRESENCIA DE GALICIA NOS VIEIROS DA ARTE NOVA, por FRANCISCO F. DEL RIEGO

MITTELEUROPA, por VICENTE RISCO.

\*\*\*\*\*  
IMPRENTA "NÓS"

Facturas - Estados - Libros - Revistas  
e toda crás de traballos tipográficos

Trasmitanos os seus encárregos

Rúa do Vilar, 15

SANTIAGO

Sanxo Domingo, 47-2.<sup>o</sup>

Ourense

Vicente Risco

Abogado



BOLETIN MENSUAL DA CULTURA GALEGA

Ano XVII ★ Ourense 15 de Marzo de 1935 ★ Núm. 135

## XOAN ANTONIO SACO ARCE ALGUNHAS NOTAS BIOGRÁFICAS

Por PAULINO PEDRET CASADO.



No renacemento científico e literario que a nosa Terra presencióu a meados do século XIX interviñeron diversos sacerdotes. Fora dos moitos que consagraron a sua atención continua da ás cencias eclesiásticas, como Santiago Viqueira, coengo da Catedral Compostelán e o sonado Profesor da Universidade Domingo Cortés, e dos que se serviron do armonioso idioma castelán pra dar expresión ao seu talento crítico e a sua erudición filosófica como o esquencido Xosé M.<sup>a</sup> Eustaquio Carracido, (nado en Santiago en 29 de Marzo de 1801 e morto en 1.<sup>o</sup> de Outono de 1847) ou aos seus

sentimentos poéticos, como o infeliz Félix Moreno Astray, (nado en 1841 e morto o 21 de Abril de 1880), hai duas figuras groriosísimas dentro da nosa doce literatura galega, aos que non se lles ten ainda feito a debida xustiza: Xoan Antonio Saco Arce e Antonio López Ferreiro, que por mais que a maior parte das obras deles están escritas en castelán tamén honraron a nosa querida lingua, o primeiro coas suas poesías, a colección de cantigas, refráns e contos populares e sobre todo coa sua Gramática Galega tan rica en

observazóns, e o segundo coas suas eruditas e ben escritas novelas. Da enorme importancia de López Ferreiro na nosa historia literaria, penso escribir longamente noutra ocasión; hoxe vou reducirme a dar unhas notas en col da vida do virtuoso sacerdote, asisado pensador e documentado gramático ourensán.

Conozo de estudos sobre él o breve artigo que no intre da sua morte adicoulle Balbin de Unquera no número 18 de Outono de 1881 da «Ilustración Gallega y Asturiana», e o estudo fisiognómico que asegún un retrato, que se garda no Instituto de Ourense, escribeu o meu amigo o intelixente e infatigabel Vicente Risco, no número 15 de Nadal de 1927 da revista galega NÓS.

Para este traballo valinme dos datos que fornece o expedente académico que de Saco Arce existe na Universidade de Santiago.

Asegún copia da partida de bateo nascéu na freguesía de San Martiño de Alongos, concello de Toén, a unha légoa de Ourense o 8 de Marzal de 1835, e non de 1836 como adoitan decir moitos que escriberon en col da vida do insine humanista galego. Nos anos 1846-48 cursou segundo e terceiro de Filosofía no Instituto de Ourense, e nos 1848-50 carto e quinto da devandita Faculdade na Universidade de Santiago. En Outono de 1849 vivía na Carreira do Conde núm. 16 desta cidade. O 5 de Xullo de 1850 recibiu o grado de Bacharel en Filosofía, e no curso seguinte, (1850-51) encetou estudiar Teoloxía na nosa Universidade. Os cursos 1851-54 pasounos no Seminario de Ourense, onde aprobou os tres primeiros anos de Teoloxía e fixose acreedor ao agarimo do Bispo Lastra Cuesta, mais tarde Cardeal Arcebispo de Valladolid; pero a comenzaos do Outono de 1854 voltamos atopalo en Santiago onde prosegue os estudos de Teoloxía ata finar o séptimo curso dela en 1858. O 2 de Outono de 1856 recibiu o grado de Bacharel nesta Faculdade sendo presidente do Tribunal o sabido sacerdote Domingo Cortés, i-en 1858 outiña a Licenciatura con premio extraordinario, lendo no exercicio unha concisa e mui ben pensada disertazón en col da falsedade do Protestantismo, que se conserva engadida ao expedente. Varias das poesías colecciónadas en 1878 e publicadas entón, entre elas unha dedicada ao saudoso Vesteiro Torres, (morto en 1876), foron compostas daquela.

No 9 de Nadal de 1858 foi nomeado catedrático interino de Grego do Instituto de Pontevedra, cárrego que ocupaba ainda en Nadal de 1862. Por este tempo habíase ordeado de presbítero en Nadal tamén de 1861 i-estudiando o Doctorado de Teoloxía na Universidade de Madrid en 1862. O 29 de Xullo de 1863 foi nomeado Catedrático de Latín e Grego do Instituto de Castellón, e trasladado moi axiña ao de Ourense, sustituyendo ao humanista e poeta galego Xosé García Mosquera, dende o 16 de Marzal ata o 13 de

Abril de 1864 na cátedra de Retórica que volveu ocupar máis tarde á morte morte déste ocurrida o 19 de Santos de 1868. O 6 de Outono de 1866 recibía o grado de Bacharel en Filosofía e Letras coa calificación de Sobresaliente na Universidade de Santiago. Ao ser promulgada a Constitución de 1869, non quixo xurala e renunciou a súa cátedra, que recobró o 11 de Marzo de 1873, conservándoa ata a súa morte no 14 de Setembro de 1881. No 1872 fora proposto pra Académico correspondente da Española por Cánovas, Hartzembusch e Valera, e a súa vida finou en Ourense despóis dunha doença de tres anos, e aos poucos días de ter chegado dunha viaxata emprendida pra restaurar a súa saude.




# A L C I P R É S


Por XOSÉ VELO

A DON CÉSAR JUARROS

Door da soledade.  
 Maus erguidas no campo de cruces.  
 Loito do vento...  
 Vontade: sempre verde.  
 Pol-o teu corpo andan os últemos pensamentos.  
 Cando eu morra, alciprés,  
 na tumba non presentida  
 no cimenterio,  
 guiarás por min as raíces enfermas das violetas...  
 i-eu sintireite dentro  
 correr en arreguizos de michola  
 pol-os osos...  
 e sonarei a arpa  
 nun lirismo supremo...  
 E todol-os sartegos perdidos da lembranza  
 abandonarán o leito  
 do xardín;  
 i-ô residuo de alma que hai na queixa,  
 virán  
 coma volvoretas atiridas  
 voando en col...  
 Cabaleiros da noite.  
 Berro unánime dos mortos  
 xiado.  
 Língua rixida.

Lazariño cego...  
Pol-o teu vértice  
destilas a neurastenia  
do luar.  
En cada rama túa  
hai acios de virxes brancas.  
Ala erguida da noite.  
Pararrairos inverso.  
Tesón perenne as outuras.  
Oda en silencio...  
Alciprés,  
telescopio inmóble dos vagores eternos,  
as cobras das túas raíces soan sagredos  
frustrados na tabernas dos corazós dos mortos.  
Indice da bocanoite...  
Alciprés, qué vendes...?  
Pol-a boca sucia de todal-as caveiras  
beber ei, ei...  
borracheira en silenzo.





## GALLIZA, PATRIA DA CANÇAO

*Pelas mãos amicissimas, hispano brasileiras, de Vidal Reis,  
mando aos intellectuaes de Galliza —Patria da nossa Lingua—  
a saudação fraternal e a saudade constante dos instantes de  
emoção que ahi vivi, ha dois annos.*

*S. Paulo, 16 de Abril, 1935.*

A muito nobre e benemérita «Sociedad Espanola de Socorros Mutuos e Instrucción», de Santos, quiz que eu viesse redizer aquí as palavras que tive a honra e a ventura de dizer —não faz ainda dois meses — por ocasião do Primeiro Congresso das Sociedades Hespanholas do Estado de São Paulo. E eu quero ver, nessa ordem quo ora deliciadamente cumpro, menos do que uma homenagem a um simples escriptor desta miha terra, o vosso desejo constante de união mental entre vós mesmos e, simultaneamente, de mais estreita convivencia espiritual com a gente minha patricia, com quem tão bem collaboraes e que tanto vos admira e vos deve. Permittí que eu vos felicite por essa vossa alta intenção que se vae, dia a dia, affirmando em nítida, magnifica realização.

Realização que não me surprehende. Realizadores nascestes e o ides sendo constante e superiormente. Eu sei, galegos do Estado de São Paulo, o vosso trabalho abnegado, tenaz e fecundo. Não esmoreceis jamais. Não paraes nunca em ócios mollinhosos. Trazeis no instincto, na memoria do sangue, o gosto ácido da luta e o impeto solto da aventura. Por isso, tão bem vos daes e dissolveis com a gente «bandeirante». Eu sei onde está, eu sei o que faz, eu sei o que vale o meio milhão de almas e musculos galegos espalhados, como sementes optimas, no fertil chão pau-

lista. Eu sei que, quando a nossa aincia con génita de construção nos leva ao mais longe possível da nosa gléba, o forte braço galego é sempre o primeiro que se iranca e torce ao nosso para formar a corda vigorosa que arrasta para o sertão selvagem o carro triumphal do Progresso. Eu sei que, com o vosso espiritu peninsular de independencia, não sabeis ser apenas colonos, mas vos fazeis logo donos; mas donos que tão legitima e amoro-samente vos identificaes com a vossa propriedade, que vós é que tivaeis sendo propriedade della — e não deixaeis São Paulo, nunca mais...

Tudo isso eu sei. Mas vós não sabeis que eu sei. Porque eu sou apenas um poeta. E os poetas —dizem— não devem «saber»; devem sómente «imaginar»... Mas, meus amigos, antes de ser poeta, eu sou paulista. Paulista, em primeiro lugar, antes de tudo. Isto é: eu não sou um «poeta paulista»; eu sou um «paulista poeta»... E qualquer paulista que sabe a sua historia, que sabe a sua raça e que sabe a sua terra, ha-de, por força, saber o muito que fizestes pela nossa historia, pela nossa raça e pela nossa terra; ha-de, por força, saber que, varando luminosamente toda a nossa historia, enobrecendo a nossa raça, arraizandose, florindo e frutificando em nossa terra, ha, por exemplo, dentre outros muitos intimamente ligados à grande família paulista, um nobre nome hespanhol que por

si mesmo se qualifica e define: «Bueno», isto é, «Bom».

\* \* \*

Ha dois annos, eu estava, extasiadamente, en terras de Galicia. Não foi um puro acaso, não foi um cégo destino que para allí me levou. Foi um impulso, talvez inconsciente, instinctivo no momento; mas, depois, consciente, reflectido, proposital. Um desses súbitos retornos sobre si mesmo, em que a gente se encontra bruscamente consigo mesma, estremece e extranha um instante, para logo depois se reconhecer e calmamente se admirar.

Corriam os últimos dias lindos de março de 1933. Era a «Semana Portugueza de Vigo». Como as aguas doces do Minho, que deslizam entre terras lusas e terras galegas, toda a doce gente portugueza — e eu com ella — correu para a doce gente galega. Ao transpôr, entre Valença e Tuy, sobre o rio a ponte longa, que não tem apenas um geito material de ponte,

«senón de brazos d'hirmans,  
que d'unha à outra ribeira  
estreiten as suas mans».

em quanto eu me perguntava: «Ter se á mesmo acabado Portugal?», já ia ouvindo as commovidas aguas, que são vossas e que são nossas, responderem-me cantando o cantar de um vosso e nosso grande poeta:

«Non, non pode ser qu'o Miño,  
nado en terra galicián,  
sopare do noso chan  
o chan d'un povo veciño  
e, más que veciño, hirmán» ..

E, guiado por esse rhythmo que marcava o andar dos meus pés e dos meus pensamentos, foi que pisei as primeiras pedras de Vigo. E ahi, então, eu vi e comprehendi a irmaniação, a identificação total e immediata dos dois povos. E eu tambem entrei logo, e logo me dissolvi no cadinho onde os dois sangues affins se fundiam. Tudo era de um e de outro ao mesmo tempo. O typo physico, os costumes, a lingua — cruzavam se sub-

terraneamente, como as raizes, para virem á superficie do sólo, como os troncos, e separam-se apparentemente, no céo, como os galhos, as folhas, as flores, os frutos... Uma palavra, então, appareceu, luminosissima, em todos os periódicos, em todos os cartazes, em todos os labios, que me aclarou tudo: «troncalidá». Sim, era a «troncalidá — o tronco, o que está entre a terra e o céo, o que é união, o que é feixe, o que não é dispersão multipla em innumeraveis raizes, nem esfarellamento aéreo em galharia, folhagem, floração e frutificação. «Troncalidá»... Que magica palavras! Aquillo, allí, a Galliza, era a «troncalidá»: a patria primeira da minha raça; e ainda mais, da minha lingua; e, mais ainda, da minha canção... Lembro-me bem... Quando, num hotel de Vigo — e um hotel que, providencialmente para mim, ficava perto da rua de Curros Henriques —, sobre um primeiro cartão postal, eu escrevi, com a data, o nome «Vigo», a minha penna, toda perdida do vicio bem feio e bem inutil de rimar, quiz, por força, escrever por baixo a palavra «amigo». «Vigo» — rima que ficou para todo «cantar-de-amigo». Pois si existe até, num nosso cancionero, um trovador que se chama Martin de Vigo... E existe até uma «delgada» que se chama «Dona Vigo»:

«O anel do meu amigo

• • • • •  
perdi-o solo verde pino;  
Porén chor'eu Dona Vigo:  
E chor'eu bella!

Vigo... Perto dalli e naquella lingua se fez o primeiro cantar-de-amigo: o primeiro amor que precisou do berço de um verso para, nelle e da sua cadencia de embalo, sorrir sonhando... Perto dalli e naquella lingua compôs Don Sancho I, para que a sua «Ribeirinha» o cantasse, o cantar primeiro que ia trazer ao heróico verso provençal o que a poesia limosina não tinha: amor.

«Ay eu coitada como vivo.  
En gran cuidado por meu amigo  
Que hei alongado...»

Sim, eu senti e comprehendi ahi a «troncalidá». Não só da raça, nem só da lingua, mas tambem —e, para mim, principalmente— da poesia. A «troncalidá» da arvore genealogica da nossa poesia.

Arvore nobilissima! Filha de Reis, ella brotara na Provença de ha dez seculos, entre oliveiras e laranjeiras e amoreiras, e toda abraçada das vinhas pejadas do sul do Loire. Das suas raizes aristocraticas, sensíveis e vibráteis, cortaram se laminas secas e acústicas que se vergaram, finas para o bójo gemente da «mandore», ou se enrolaram, ásperas, para a roda rangente da «vielle». E, da «vielle» e da «mandore», poetas-reis, poetas-barões, poetas-senhores, poetas cavalleiros tiraram o «ai» langoroso das «aubades», ou o riso fino das «sirventes». Era o natal da canção. Era Guillaume de Poitiers dizendo a sua terra, caminho da Palestina, o seu cortado e rouco «Chant d'Adieu»; Ricardo Coração de Leão, pedindo, com Blondel, do torreão onde estão captivos, o seu resgate, na lamentação cavalheiresca de uma «retrouenge»; Guy, castellão de Coucy, poeta-cruzado, chorando a sua «dame, compagne et amye» que ficava em França; Jean de Brienne, Rei de Jerusalém, e Imperador de Constantinopla, conquistando, numa «pastourelle», uma «pastourelle»; era Bertram de Borne, Senhor de Hautefort, no Périgord; Rambaud III d'Orange, Bernard de Ventadour, Conon de Béthune, Arnaut de Mareuil... Eram todos aqueles grandes gentilhomens de almas bruscas e nomes sombrios que, entre as pedras sombrias e bruscas dos «manoirs» da linda França, sabiam «la gaye science», e ahi ficavam, pelas primaveras inteiras até ao primeiro cahir das folhas, a «tourner gentiment des vers» na «langue d'oc» de tambor dos «troubadours»...

Desceu dai, dessa Provença capitosa, do cheiro de amor das suas flores de laranjeira, do sabor apperitivo das suas oliveiras, o beijo de bocca pintada das suas amóras quentes, do mosto fresco das suas uvas ácidas pisadas nas tinas.; desceu dai uma fina e perfurante raiz da arvore sonora e alastrou se, estirou se, silenciosa, subterranea, longa, verrumante, furando a rocha fina

## NOS

dos Pyrínéeus, varando as terras eriçadas de Hespanha, para rebentar o solo simples e laborioso da Galliza e ahi respirar, tomar folego, subir no ar em tronco novo e forte.

A gléba era boa. Adubada generosamente de sangues invasores derramados em lutas escuras, ahi vicejava uma lingua abundante, compósita, variegada e versátil. A poly-chromia, a flexibilidade, a inquietude, ao bulício, a vivacidade imitativa do latim juntára se a aspereza de tropel das línguas germânicas despejadas do Norte brumoso, em hordas de vândalos, suévos e alanos; e juntára se tambem a languidez cantante da modulada algaravia mourisca. Ora, um lyrismo proprio, independente, original, puramente peninsular, nascido das sombras do Século XII e fora do influxo provençal, já ahi cantava, pelo rhythmo mais velho dessa língua, do nosso gallaico portuguez, pela monotonia plangente e repetida do verso «parallelístico», ou, en hespanhol, «cossante». Cantava...

«...Solo ramo verde frolido  
Vodas fazem ao meu amigo  
E choram olhos d'amor.  
Solo verde frolido ramo  
Vodas fazem a meu amado  
E choram olhos d'amor...»

Cantava... Era a Galliza, era a Arcádia Catholica, terra de pastoreios, romarias e lavras, com avelanciras, estorninhos, pasturas louçanas, verdes pinos, ribeiros, hermanas, madres e amigos...

Ora, era essa mesma Galliza que, ha dois annos, eu pisava religiosamente. Eu ia, de Vigo a Santiago de Compostela, e de Santiago à Cruña, por aquella grande horta e jardim plantados de «cruzeiros», de cerejeiras, de salgueiros grossos de elephantiasis, de casas rústicos com os «canastos» ao lado, como «Capelinhas do Santo Pão», onde se guarda o trigo bom abençoado pelo signal da Santa Cruz... Ia... E do compasso do meu passo por aquella terra santinha de que brotara a canção de amor, iam despertando e elevando-se, como herva nova, rhythmos velhos:

«Ay estorninho do avelanal!  
Quando cantades vós moir'eu;  
E peno, e d'amores ei mal...»  
.....  
«Que coita tamanha ei a soffrer  
Por amar amigo e non o veer...»  
.....  
«Digades filha, mnha filha velida,  
Porque tardastes na fontana fria?  
Os amores ei...»

Em torno de mim, dos versos da minha antiga língua, que eu dizia, estava a Galliza, a sempre a mesma Galliza, a humilde, a encolhida, a religiosa, a resignada Galliza dos ternos diminutivos de Rosalia de Castro:

«Airiños, airiños, aires,  
Airiños da miña terra;  
Airiños, airiños, aires,  
Airiños, leváime a elal  
.....  
Lugar más hermoso  
Non houbo n'a terra,  
Qu'aquélo que eu miraba,  
Qu'aquélo que me dera.  
.....  
Lugar más hermoso  
N'o mundo n'hachara,  
Qu'aquélo de Galicia,  
Galicia encantada!  
.....  
Galicia frolida!  
Cal ela ningunha,  
De froles cuberta,  
Cuberta de espumas...»

Como se mixturavam e se completavam e se confundiam totalmente estes versos galegos e aqueles versos portugueses: a sua língua e o seu rythmo e o seu pensamento! Porqué?... Porque eu as levava commigo —as trovas do Cancioneiro — de volta ao seu paiz de origem. Era um «reconhecimento». Era um repatriamento. Era uma reintegração. Por allí parece que não passaria o Tempo. Os vossos versos de hoje eram os nossos versos de hontem...

Galliza... Patria da canção de amor! Ahi nasceu o rythmo do nosso sangue — o sangue gallaico-portuguez — que sabe bater, só

elle, com essa enternecedora cadencia. Por ahi reinou, metrificando a vida, a corte poética de el-rei Dom Denis. A poesia era a lei. A canção era a fala do throno. O Cancioneiro era o thesouro nacional. E o Rei Trovador —que tinha a canção galleciana toda «guyada», as suas serranilhas todas saludas de «alalás», porque

«O cantar do galleguiño  
É cantar que nunca acaba,  
Que empeça com *'ailalila*  
Y acaba com *'ailaldila*...»;

que tinha as «lellas», o «eterno lelo», como o chama um proverbio vasconço, que tinha a «morrinha gallega», como se dizia em Hespanha —; o Rei Trovador, muito orgulhoso de tudo isso, não invejava o provençal, porque muito bem sentia que «os proenças saben mui ben trobar...», mas nam an tal coyta qual eu ei sen par». A «coyta»: o cuidado, a magua, o mal de amor... que é grande bem! Dom Denis descobria assim; e assim definia e fundava a poesia mais poética, o lyrismo mais lyrico de todas as línguas, de todas as raças e de todos tempos. Só mesmo a tristeza doce do gallego e a doçura triste do portuguez seriam capazes de dar o que faltava —sentimento, alma, coração— à bravura, gentileza e brilho da canção de Provença.

E deram. E o endecasyllabo limosino, fundido no «tono» e no «son» da «arte que mayor se chama», e cantado ahi onde o logar era amoravel e a gente amorosa, ora encolheu se todo da timidez das que sabem viver de amor, ora todo se alargou da grandeza dos que sabem morrer de amor...

\* \* \*

Ahi está, minhas senhoras e meus senhores, apenas enunciado um thema: Galliza, Patria da Canção. Por mim, si de mim dependessem as minhas vontades e a minha capacidade, eu o teria exposto e desenvolvi-do como elle reclama e merece. Mas... a gente depende sempre de todos, de tudo, menos de si mesma.

Com os meus agradecimentos pela distinc-

tissima gentileza desta vossa recepção tão honrosa e tão amiga, pela magnanimitade da vossa tão usada e abusada attenção, ahi vos deixo, entregue, o meu fraco enunciado. Elle é apenas uma idéa: un golpe secco no tubo acústico de crystal da vossa intelligencia e da vossa sensibilidade. Dentro de vós mesmos, o pequeno ruido da minha palavra e do meu pensamento ha de desenvolver-se á vontade, solto, livremente: e ha de ir-se desenrolando, desdobrando, multiplicando, enovelando, esvoaçando em ondas de resonancias longas, lentas, ascensionaes, innumeraveis, multifórmes... Que esse esvoaçar do meu pensamento e da minha palavra tenha, neste instante, para vós, apenas o valor sentimental de recordar, de trazer vos aos olhos e ao espírito uma sombra e um éco da vossa terra distante —vossa terra que tambem é nossa, como esta nossa terra é vossa tambem; que seja uma repercussão, um soluço de longe, como si estivesseis ouvindo agora a vossa grande e dolorida Rosa-

lia de Castro dizer-vos versos de saudade; como si de lá, daquella terrinha mansinha de airinhos purinhos e caminhinhos sósinhos nas manhanzinhas rosadinhos; de lá, da vossa singela e torturada Galliza dos «paisanos probes» e das «mozas» de chale debuxados por Castelao, cheios da sua inconsciente e digna «galleguidade»; de lá, onde cantam as «gaitas» e as «pandeiras», — a vossa grande e dolorida Rosalia de Castro vos estivesse dizendo, debruçada sobre as aguas bravas e verdes do Cantábrico que vêm se espreguiçar e morrer, mixturadas ao vosso nobre suor, nas pedras rectas desse caés de Santos que vós ajudastes a fazer:

«Si a mar tivera barandas  
Fórate ver ó Brasil;  
Mais a mar non ten barandas,  
Amor meu, por donde hei d'ir?...»

GUILHERME DE ALMEIDA  
Santos, 13 de abril de 1935.

Insertamos hoxe a sentida e magnifica conferencia que en col de «Galliza Pátria da Canção» postulou na cibdade de Santos o insigne poeta brasileiro Dr. Guilherme de Almeida.

Guilherme de Almeida pertencente á gran familia de fala galaico-portuguesa, impulsa en verbas de fonda fraternidade a lembranza lírica dunha época e dun senso de beleza e continuidade de tradición e compañía. Sabé do albre ben plantado na terra nativa polo que rube nun maio de ledicia e de vida, todo o sangue poético dunha lingua e dun sentir comüns, e díceo en sinxela conversa de artista.

Guilherme de Almeida fillo da civilidade e da rebeldía. Poeta de escumoso estro, tatuou na carne vexetal da sua Terra, runxidos de loita e epitafios de revolución, cantáronlle nos ouvidos todolos anceios de sentir a comarca como vítima. I en canto insinúa o cerne do martirio faise música patriótica e ergueita a sua sensibilidade ferrufieira.

Ao saúdo cordial e garimioso do poeta irmán, correspondemos nós coa arela saudosa dun intertroque firme e serío nos destinos comüns, a que nos conduz a identidade de lingua que é comunión final dun mesmo espírito nos doux pobos.





## PRESENCIA DE GALICIA NOS VIEIROS DA ARTE NOVA

Por FRANCISCO F. DEL RIEGO

Señoras e señores:

Eu non dín ainda ningunha conferencia encol dun tema que se ceñise estritamente a un motivo de Arte, e non tremades, non vou a debutar agora. Teimarei decir cousas que porten o desexo de ser fecundas. Dende logo que non serán cousas novas, sinón más ben apuntes de lembranzas, e propósitos de aventura cós que infiltrar na vosa concencia, unha confianza serea nos destíños do Arte, e unha viva paixón pol-o porvir de Galicia debatíndose nos seus vieiros. Mais que conferencia, dictareivos unha conversa encol de conceitos xa sabidos. E por outra banda ista ergueita Eisposición de pinturas atópase de acordo conmigo en non ser propicia pra as conferencias. Despois de têr ollado as obras eiquí expostas nada se pode decir de elas que non o digan elas mesmas. De ista pintura coma de toda pintura auténtica, a mí soméllame que soio se pode falar dun xeito que a mí se non me alcanza, e pra o que nin me atopo preparado nin disposto: dunha maneira metafísica e con un fondo espírito de sensibilidade e de comprensión, que son mui difíciles de inventariar nistes intres de desacougo e de desvio. Póde-se, en efecto, buscar e perseguir o senso plausibel e posibel de tal clase ou de toda clase de pintura. Xa sei — direi glosando unhas verbas de Corpus Barga — que quenes falan ben de pintura son os cegos, como son os xordos os que falan ben de música; os cegos ou os xordos, é decir: os críticos. Tido do que eu non podo facerme unha auto-

atribución. É por iso pol o que non vou a cometer a impertinencia de falarvos de Arte, eispliando nin xuzgando, ou sexa, criticando. Propónome somentes situar notas e repetir ideas que andan flotando no ambiente do mundo culto e na concencia dos homes novos.

### OLLADA DESCRIPTIVA

É tema fundamental da historia do Arte: estudar o fenómeno da sucesión dos estilos. O demás, biografías de artistas, identificación de obras, estudio da evolución artística individual, é mero andamiaxe previo. Os conceitos asín teñen de ser expresión das tendencias que deron forma aos produtos artísticos dunha época; velahí coma non foron outros os que asíñaron axeitadamente, o cerne da tendencia clásica no século da zaseis, coma tamén os da tendencia barroca no dazasete. Nélo radica, cabalmente, o esforzo dos historiadores do Arte que, comprendendo o alcance das tendencias, traballan no descubrimento da motivación, derivada nos produtos que refrexaron.

Por eso coinciden a sua maioria, en que diante dunha obra de Arte non abonda nin o hábito cego do coñecedor, nin o sobrechouto dos espíritos sensibels. É decir, a obra de Arte, representa algo máis que maestría técnica, como tende a considerala o coñecedor, e algo máis que suxestións emocionaes, como se complace en ollala o sensitivo. A obra de Arte, ao decir de Wölfflin, é a concreción dun estilo. Mais, houbo outros

que, coma Taine, buscaron o Arte na célebre teoría do medio, trocado nunha resultante de influencias que determinan os carácteres do seu estilo. En primeiro termo, sitúase a influencia do medio físico, que pode ser a paisaxe ou o carácter do clima, por exemplo. I en efecto, de él, a do medio social, manifestado nos costumes, no estado histórico, na tradición... Wölfflin, superando ista teoría do medio e desexando anovar o pensamento que a orixina, busca a estreitura que fai posibel o estado emocional nado da contemplación do Arte. Establece un resultado de diferenciación antre, o arte riguroso que impresiona pol o que é, pol-a súa realidade corpórea; e o Arte pintoresco que influie pol-o que *parece*, pol a impresión do movemento. Spengler, tamén de acordo co-a súa concepción do mundo, afirma que o estilo trócase nunha especie de sustancia metafísica que se expresa con carácter equivalente nas distintas formas de cada cultura.

Pro nós —lonxe de intentos pra sentar dogma, ou perfilar camiños— sin despreciar suxerencias tan autorizadas coma determinantes de tendencias ou de estilos, pensamos no Arte auténtico prescindindo de remexer nos seus motivos. No Arte de todal as épocas e de todolos matices que non é precisamente o que é fermoso nin o que agrada. O gran Arte para mí —d'acordo con algunos autores— é o que eleva. As obras maestras de todal-as Artes, agraden ou desagraden, fános sentir a forza da elevación. Ó escocitar a Sinfonia Pastoral ou Bach, o leer a Shakespeare ou a Sófocles, o contemplar os cadros de Miguel Angel, ou a pintura de Picasso e de Cézanne conmovenos e soerguenos sempre. Claro que isto pode ser un tema de burla pra os graciosos que surrín do Arte, con ar de superioridade, dende o outo da súa pequenez. Pra os que un cadro do natural vale pol-a «Gioconda»; pra os que un pasodoble algareiro vale por iste vello xordo de Beethoven ou ise compositor sublime de Mozart. Pra os que Delacroix, o único gran talento da pintura romántica francesa, é un pelmazo. Pero eu xa non pensei nunca en dictar unha conferencia encol dun tema coma o que hoxe me ocupa, pra persoas que por adiantado sei teñen de renegar de todo

canto recenda a coorido novo e a tinte de cultura.

O arte, e más concretamente o arte posterior ao mil oitocentos, que se deslizou deixa os nosos días sobor dunha paisaxe crúa, iluminada, conmovedora, tén que ser reivindicado e salvado das tropelias con que o analabetismo o aldraxón, e das contumacias ateigadas de incomprensión con que o deliñaron os seus vexaminadores. Pero quenos son ises vexaminadores do arte actual? «Xeralmente uns pobres espiritos que non pertenecen a unha fronteira nin a outra. Os que sin se submeter ao espiral das avanzadas, nin aos retorcimentos do progreso, porque teñen diante de si o mármol dun velador, coidan ter a campa do arte novo. E o que teñen tras do propio mármol son os seus propios pés fediondos a colillas e a século dazanove». Non se pode abandoar nin despreciar o sentir dunha corrente anovadora, cuando ista corrente vibra ao compaso da época que a despertou. O Renacemento do século quince e o Novecentismo do século vinte teñen ise mañísco valimento, que significa sincronizar o estado de paixón e de azo, da etapa que os fixo xurdir.

Así o arte renacentista queimouse de ledicia na renovación de dous vieiros: «A via Careggi de Florencia, encol da que se sentaron as bases da volta a Platón e ao mundo antigo, e a Via das excavacións, sobor da que desenterraron os amadores de esculturas e moedas, torsos e textos do helenismo, pol-o meio da rica terra romá».

Así o Arte de hoxe, dibuxouse en corpo avante no cerne dun soio camiño: a súa propia impotencia pra se trocar en Natureza. Velahi a súa significación, a de ser un Arte isrido. Como a música de hoxe é música isrida. I, en fin, a pintura de hoxe é a pintura más verídica de toda a historia do Arte, porque nos di a maior verdade que éla pode decirnos, ou sexa, a verdade de si mesma.

Brión e outros muitos autores quixeron ver, e de tal xeito o proclamaron, ao primeiro pintor moderno na persoalidade de *Giotto*. Pero Giotto, situado na mitade dunha encrucillada histórica tan batida por intensas correntes de Arte —bizantinismo, pre renacentismo, primitivismo xermaníco— o mis-

mo pode ser o primeiro pintor moderno que o derradeiro pintor bizantino.

A traietoria ondulante e viva da pintura nova, estréitase i ensánchezase nunha paisaxe heroica, pol-a que, coma rodas en rieles, decorren nomes e feitos, obras e lembranzas. Do Renacemento ficou resolto o problema de armonizar todolos elementos da figura. Despois Leonardo veu a conquerir o clarecreso que tiña de lograr seguidamente a súa madurez co a Escola veneciana. Inicianse, logo, as grandes vacilacións do século dazaolito, antre o realismo e o clasicismo. Dubidase antre imitar á Natureza ou imitar ao Arte mismo. E nises intres de dúbidas e de quedanzas, de meandros e sinuosidades, xurde un nome, o nome de David. *David* que aparece revolucionario, dentro do senso evolutivo histórico do Arte, tirando a súa pedra contra o conceito da cultura antiga. *Ingres*, aspira máis tarde ao clasicismo, pensa en Rafael, pero xa hai nel unha pura inxenuidade. *Delacroix* ven detrás, colmado dun fervor rebélde, e co-a súa pintura divisionista é un auténtico precursor do impresionismo. Pero o que influie xa dunha maneira definitiva na falanxe impresionista, é o pintor *Monet*.

Aos poucos instantes, no ano 1874, todolos que compoñían aquela falanxe, orgaizan unha Exposición coas obras de todos. *Claude Monet* eispo tamén, antre outros, o seu cadro tidoado «Impresión: Sol saliente», e diste cadro xurde o epíteto de «impresionistas» con que os calificou un mediocre crítico de aquela hora, pero que tiña de perdurar, marcando unha época na historia da pintura nova. Do Arte impresionista decia Picasso, contemplando un cadro da súa escola: «Niste cadro hai chuvia, hai albres, hai casas, hai todo menos pintura». I en efecto, que non se pode dar unha definición nin máis cabal nin máis esaita do que aquel Arte significou. Pero ainda houbo alguén que buscando unha correspondencia no filosófico, ao que no artístico o Impresionismo representaba, delinou, noutro exemplo de retraso; na chamada Fenomenoloxía. O impresionismo para os pintores —continúa Euxenio d'Ors— veu a ser o que poderíamos chamar «Declaración dos Dereitos do home e do cibdadán» a

beneficio disa plebe espiritual constituída pol-as *sensacións fuxitivas*, elementos aos que non tiña dado valor o Arte tradicional, namorado non solo do aspeito das cousas sinón do que Poussin chama o seu prospeito, é decir, a sua racional, legal, tectónica entidade. Pois igual que o Impresionismo fixo co-as sensacións fuxitivas, a Fenomenoloxía teimou facer, antre os filósofos, co-as *puras presentacións de conciencia*, cos desvencellados *fenómenos*, ergueitos por ela, a categoría de *oxetos*. Por iste xeito de correspondencia antre unha corrente filosófica e outra pictórica, califica o citado autor, a Bonnard de fenomenólogo, dentro da pintura contemporánea, a Cézanne de platónico, e coma vengador sarcástico da Impresión, a Giorgio de Chirico que rexurde contra do Impresionismo, más que os valores inmarcesibels da eternidade, a morta anécdota do clasicismo.

Houbo quince anos máis tarde outro Arte que se denominou *Expresionista* e que iba precisamente a erguer un senso contrario ao do que o Arte Impresionista deliñara. Gauguin, van Gogh e algún máis, tremolaron un famoso manifesto en que decían a esencia artística da corrente que postulaban: unha transfiguración da natureza por medio dunha vigorosa simplificación plástica e lineal. Solo tén xustificación artística —decían— a idea que o artista se fragua das formas e coores das cousas. E nela, cabalmente, radica a entrana do movemento que comportaba o tido de oposición, na verba: Expresionismo.

Despois, ese movemento excepcional que veu a ser como a táboa de salvación na que se salvaron en ergueita aventura, as esencias incorruptibles da verdadeira pintura: *O cubismo*. O cubismo que tivo coma pai e coma mentor a Pablo Picasso. Indubidablemente que non toda a obra pictórica de Picasso é cubista. Hai que mostrarse un pouco reacio en atribuir propósitos a un pintor coma o ilustre malagueño, que é pintor estritamente e non sabe ser outra cosa, o pintor cecais por eso máis flotante, máis boiante do seu tempo. Sobor das pinturas de Picasso erguéreronse moitedume de teorías; pero él é un dos pintores que teorizaron me-

nos. Hai un conceito na sua obra que a define e a enaltece. Iste conceito refréxase nunha alocución verbal sintética: *atopar*. Velahí unha verba que reasume maravelosamente toda a pintura, en cuia base tén que haber indefeitiblemente a inspiración que atopa, á intuición que adiviña, endexamais o cerebralismo que busca. «Intento representar o que atopei, non o que busco», decía Picasso. «En Arte as intencións non teñen ningún valor». Belida defensa do automatismo que é, precisamente, adonde hai que ir a buscar a clave da súa pintura. Non ás matemáticas, nin ao psico análisis, nin á xeometría. Automatismo, inspiración, intuición; atopar, atopar e atopar constantemente con inusitado estremecimento inspirado.... Eis o segredo de Pablo Picasso que crea co seu pincel animado ininterrumpidamente do imponderable tremor vital, todo o aspeito dunha época. Aspeito que lle valeu no pensamento de muitos a categoría de farsante, sin que eso fose óbice pra que o Arte por él iniciado chegase a universalizarse, sobre todo nas súas primeiras consecuencias, a crítica da pintura impresionista e da pintura concreta. Aínda máis, a súa propagación chegou até as aplicacións más prácticas da pintura, orixinando éso a súa desvirtuación. Durante muito tempo as xentes non entendian os cadrados eispostos nas Exposicións cubistas, e sin embargo levaban déles a ollada dos cadrados cubistas pra incrustala en todolos xeitos de manifestación luxosa e de arquitectura caseira.

Pro nisa victoria tan ben lograda do cubismo contra do impresionismo pictórico, houbo ademais artistas que proclamaron a morte da pintura *visual*, postulando unha pintura *táctil* que puidese ser gozada coas puntas dos dedos. Restañouse asín do cadre toda tenrura de coor pra esculpir na tela coma os bós imaxineiros tiñan pintado na escultura. Un dia penouse en suprimir a luz pra que caese o arte tradicional da visión pura, facéndo-a moura. Tal teimou facer Rafael Barradas, trocado en verdugo da pintura, en frenético antipapa do Arte. Era cando o poeta buscaba de café en café a imaxe triple, e o pintor remexía en precura da representación táctilica....

O *suprarealismo*, alimenta coma movimento artístico unha tónica que en derradeira instancia sigue o procedimento de outras escolas do ambiente novo; destacar de entre todolos elementos que xuntos constituyen a obra de Arte, un solo —a forma líneal, ou o volume, ou a coor, ou a metáfora— e soerguelo ao rango de elemento esencial e único.

O surrealismo afasta a unha beira os factores conscientes da elaboración artística, deixando obrar exclusivamente ao inconsciente. Agora que, por unha ironía ineisplicable, é frecuente que se gaben as obras cubistas por certas armuñías de coor e unha pintura impresionista por algún acerto de expresión voluminosa.

Atal foi a fluencia evolutiva do arte, en razón da súa significación vitalizada. Do cubismo, pode afirmarse que logró conquistas e expansión porque veu a ser a solución dunlos cantes problemas esencialmente plásticos e porque se definiu nunha necesidade viva da pintura que se estaba desvirtuando. O cubismo pra Corpus Barga, foi o imperio dos persas na pintura. Picasso, cal Ciro o Grande, fixo imposible as novas emigracións asiáticas, o movimiento periódico do Arte en París.

Acabouse o carrusel, si continúa o feirado arte pictórico. Inténtalo ollar xa aos pintores coma naturalistas, impresionistas, feristas, cubistas, expresionistas, avanguardistas; non hai máis remedio que voitar a ollalos coma pintores. Agora a pintura que estamos viviendo é a que xa sin temor cada artista pode pintar como queira.

Estamos en Arte, igual que en todal as cousas vivindo a pulmón pleno a verdade do progreso, sincronizada coa situación dos tempos. Nista hora da música pura, do rascaceos, do avión, da radio, do cine sonoro, das revolucións eistremas, non se podía ficar rezagado labourando en contra da vida do progredir humán e espóndonos a que ise progredir nos arrolase. Precisábbase esa altitude do Arte pra que o desprecio das xeneracións vindoiras non criticase o retraso na evolución, e pra que o Arte reflexase esaitamente o sentir da cultura aitual revelándose nas suas intimidades máis ocultas, na representación de si mesma polos propios valo-

res, sin recurrir ao artificio dunha púdica penumbra, sinón asomándose na súa claridade más sustancial.

Pero si a pintura tén por todo o dito unha categoría de prisma universalista e por outra banda debe de resolverse baixo daquel prisma co-a materia do vivir de cada país, con que a compón o artista a él pertescente e por él sentido, que xeito teñen de armonizarse entrambos conceitos?

Indubidabelmente que é a idea de cultura, dentro da cal o senso do arte atópase com prendido, a que nos ha de dar a solución do problema. E a idea de cultura derivase, coma resultante, da concepción que se teña en col da Patria. E a concepción da Patria resólvese pra miñ nunha diferenciación de espíritos, cada un dos caes eixe a sua autonomía. A súa independencia. A súa vida *a se*. En relación de correspondencia cós demás. Ou sexa, a outa e consagrada verdade universal dos nacionalismos. Nacionalismo é a afirmación de toda cousa nada no cerne dun pobo: dos seus costumes, das suas artes, do seu idioma; más ainda, é progresar pra ista afirmación cada vegada máis ergueita, máis grande, máis apaixonada.

As nacións —como dí Viqueira— son os puntaes verdadeiros da cultura. A humanidade desfaise en nacións, porque precisa órgaos. As nacións, póis, son órgaos da humanidade con misións que cumplir. A de Galicia chega e por eso rexurde. Veleiqui por qué se armonizan perfeitísimamente os dous conceitos que citaba denanteriormente e que poden parecer tan disímiles, tanto na pintura coma en calqueira outra manifestación do espírito, nacionalismo e universalismo. Nacionalismo e universalismo que se funden nunha misma impresión de progreso e de actualidade.

En canto á idea do arte, pode afirmarse que en Galicia hai un Arte propio, un Arte galego que tén de perdurar indefetiblemente ao traveso dos tempos e das innovacións, porque se está sedimentando nun efectivo progreso do mundo, porque os artistas que o compofien non viven de recetas concedéndolle todo aos gustos do público, sinón que mantéñen, pol-a contra, unha traieitoria nova e valente, ainda eispondéndose, como na

realidade pasa, a que os espíritos záfios e aldeáns con unha desconfianza e unha prisa mental verdadeiramente exemplar, a tachen de camelo, cando non con insultos e vergonxentos xuicios adversos.

Carecemos, nós, dunha auténtica tradición pictórica. O século dazaseis apenas deu pintores á nosa Terra, e os que deu adolecian de falla de releve, sin que patentizasen valor algúin. O mesmo ocurriu no seguinte século dazasete. O dazaoito comeza a ter certo relevo naquel aspeito con Figueroa e Ferro, entre outros. Despois, dibuxouse un lixeiro atisbo de soerguemento na época romántica que contou con Villaamil, ateigado de alevos innovadores e definido nun espírito coorista. Logo Avendaño. Mais tarde Carrero, Parada, Justel, Xoaquín Vaamonde... Pero todos pasaron e non fica déles ningunha lembranza, precisamente, porque na súa obra non latexa a vida do verdadeiro Arte; o mesmo que pasou con outros pintores que lles sucederon; o que está ocurrido con muitos pintores da actualidade que, por encima da misión esencial da pintura, buscan ante todo, o efecto moral das suas obras sobre o contemplador.

Pero, en troques, contamos hoxe con un núcleo arriscado de valores que persiguen no seu Arte o Arte mesmo, tanto coma un deseño de categorizar o senso e a luz da Terra galega. Tomaremos de exemplo varios nomes. Todos conquiren co-a sua pintura o deseño que se propoñen. Si os medimos antre si trabucarémonos fatalmente. «Non hai xeito, dín as matemáticas, de comparar cantidades heteroxéneas». Por outra banda, dinos Goethe, na súa poesía «Modernos»: Cómo se pode comparar Hans van Eyck con Fidias? Eu vos insino que debe esquecerse o un pol-o outro. Si consideráseis sempre un déles (poderíase ainda estimalo?) Así é o Arte, así o mundo: cada cousa agrada en virtude das outras cousas.

Castelao é o artista de Galicia, consagrado en todol os senso. Mantén na súa obra unha liña realista que lle fai plantarse frente a Europa contra o futurismo, nistas conclusiones, do seu *Diario*: «Eu ben quero ser un artista do meu tempo eisi coma o son da miña terra. Mais como aceptar as cousas do

Arte novo en Paris, si casi todas elas están alonxadas da natureza? Si me desen a escoller eu prefiro ser home da miña Terra e más me enseña un albre que unha escola. Compre facer Arte e non filosofía. Os pintores temos que ir ao pobo como van os músicos. Velahí a nosa canteira\*.

Indiscutiblemente que éinxusta esta postura daquela época en Castelao. Soio perdonable nel porque é a alma da pintura toda que se produxo despois en Galicia no senso novo e pra o que gardou posteriormente a máxima comprensión. Castelao é coma sustancia super humán que se anuncia cando se fala. É coma un humor de vidro desangrado. É o espírito románico e popular da Terra, as candas das restrevas montesias e a roda dentada das costas, onde as escumas erguen os seus alaridos de auto sacramental. O Drama de Galicia ergueito en perfiles plásticos.

Colmeiro, como xa apuntei noutra ocasión, é un pintor barroco, pero un barroco que corresponderá a un senso que o medieval tiña do clásico, por volumes a formas e non por formas a volumes. Pode considerarse no plano máis outo da pintura galega de hoxe e cunha riqueza artística, a más ateigada de posibilidades. Enroitánse os seus cadros por un camiño que pudera estar afiliado orixinariamente a unha concepción eslava e definense nun inusitado poder de luz —por eso ollan istos cadros— e nun claro alento de motivos novos e inmorredoiros—por eso tamén falan os seus cadros.

Souto que ensaiou todalas formas da moderna pintura, tinxido con ares fortes de universalidade, pensou a maioría dos seus cadros con un senso decorativo cujo perfeito desenrollo ha de ter lugar, necesariamente, en plena arquitectura, sobor dun lenzo de parede, coma decoración mural. E Maside, o pintor de máxima honradez e de moite-dume de recursos, facendo estampas, non se deixou vencer polas más audaces e sabrosas soluciones do volume no Arte exípcio. É un pintor mural coma Colmeiro e coma Souto e coma Juan Luis, todos os que, teñen assimilado con grande capacitación inspirativa, a verdade do plano e fálannos en puro lenguaxe de dimensións.

Torres, Seoane, Laxeiro, Virxilio Blanco...

entrónçanse, tamén, con unha persoalidade recia niste afán da Galicia nova de facer o Arte polo Arte, en razón de que a pintura se feche en si mesma e faga o que lle dí a gana no seu propio mundo, o mundo do plástico, independizado de capacidade pra se trocar en natureza. E si así non fose, a pintura non eisistiría, xa que o afeizado aos oxetos belos, adequiririaos, mellor que encarregar as suas imperfeitas imaxes. E si así non fora, tamén, si se quixese buscar a maior e más esaita somellanza entre o ser real e o lenzo artístico, non tería razón de eisistir o Arte pictórico, o naturalmente eisplicable era recurrir ao cine e á fotografía. Pero afortunadamente a pintura é o que quiere ser, e o que está na propia pintura, na órbita do seu universo. Así o quixeron ollar os nosos pintores dista hora dibuxando os seus contornos internacionaes con un matiz nacional de Galicia improntado coas alocuções más rejas do noso vivir diferenciado, da nosa realidade dramática e do noso pulo galego.

Eu hoxe, ao vir invitado a eispliar ista conferencia nunha Exposición de Arte, tiña os meus receios por non saber sobor de que Arte, diante de que Arte iba a falar. Logo, despois de admirados detidamente istos cadros, xa non me cabe a más lixeira dúbida. Atopámonos diante dun pintor de corpo entero cuia obra se define por si mesma, sin necesidade de eloxios nin de comentarios ao marxe.

Virxilio Blanco é un artista rexo de senso novísimo e de fonda raizame galega. Coma outro pintor xa citado —Carlos Maside— non pinta con pincel, pinta con espátula.

O seu galeguismo contrasta a súa obra có noso ambiente, có noso gusto. O seu galeguismo é tan firme e acusado que, ainda traballando lonxe da Terra, eisxelle pra súa obra, o eco familiar distas montañas, e o balbordo salgado do noso mar.

A súa modernidade obriga, por virtude de têr o seu pensamento na cultura autóctona, a traballar pra ela, o que significa tanto coma colaborar no seu avance. A súa modernidade, en fin, sométeo á improba tarefa de contribuir a que a nosa pintura dia hoxe o paso que definitivamente debe de dar.

Diante dos cadros que componen ista Eis-posición óllase todo eso e muito máis. Óllase, por exemplo, que a súa pintura non necesita ollos humanos pra mirar ao espeitador. Porque é a pintura a que contempla aos visitantes e non os visitantes á pintura, como nas rúas, os que están nos balcóns ou nas terrazas dos cafés, son os contempladores dos que pasan. E nin siquera fai falta un olio de animal nin un olio de máquina. Os cadros que más miran son cecáis os que representan paisaxes. Tédes comprendido que chamo ollada da pintura — coma certo escritor cuio nome non me é fácil lembrar — á luz da misma pintura. E ista de Virxilio Blanco, certa e indubidabelmente, que a tén. Con ela non recolle modas caidas nin simulacros depravadas, sinón as francas suposiciones da vida, e sin que fiquen soltos os coorins da pintura en artificio de papel de seda. A súa é, carne e sangue, claro balcón do mundo, sempre a pintura dignificando o siño, compaitando os aramios.

O malo é que ante a aitude do novo Arte e dos seus postuladores e defensores en Galicia; ergueuse un revoo de impúdicos ataques, e a desorgaizada orgaización dos retores oficiais e dos pequenos mecenás, abandoa lixeiramente aos auténticos e verdadeiros artistas da nosa Terra, namentres que ampara por todolos meios ao primeiro comerciante do Arte, que tan a miudo xurde polos camiños da Patria Galega, vendendo a idea da pintura e postergando os motivos de Galicia. Diante déso non cabe máis que unha campaña saudable por banda dos espíritos escolleitos, a prol da salvación do noso Arte peculiar e novo.

Lembrome arrestora dunha pasaxe histórica que é un exemplo vivo da realidade aitual: Fai uns dez séculos, namentres Europa se atopaba sumida nas negruras da espeitación do ano mil, frolecia en Persia o poeta Firdusi. Frolecia baixo o poder dun Sultán, que era ao mesmo tempo, o señor dos seus servicios e o discípulo das suas cancións. A más belida distas, encárrego diste Sultán, foi, Mamud, que así se chamaba, ofrecéu en premio a Firdusi sesenta mil moedas de ouro. Rematado que estivo o poema, o poeta envioullo ao Sultán. Mais iste, por avaricia

ou por envexa, en vez de sesenta mil moedas de ouro, envioulle sesenta mil moedas de plata, en ocasión en que Firdusi estaba no baño. E o poeta sentindo o pensamento do seu señor, colleu o premio, distribuilo en tres partes iguales e entregóu, unha ao bañista, outra ao mensaxeiro, e outra a un escravo que o servía. Logo fuxiu, alonxándose da persecución do Sultán. Cando era xa vello e dera fin á sua vida vagabunda, Mamud arrepentido, enviou ao poeta o ouro do premio ofrecido. Mais cando o mensaxeiro entraba por unha porta da cibdad, saía pola outra o cadávare de Firdusi pra deitar a sua gloria nos confins derradeiros da eternidade.

Tamén, dun xeito somellante, cando queira reivindicarse o arte logrado co esforzo valente dos artistas dista hora, xa os artistas terán desaparecido sacrificados en aras da indeferencia pública, anque coa satisfacción de terse entregado en corpo e alma á grande empresa de salvar a Galicia e ao seu arte, que tén de ficar, coma pulo señeiro de innovación no panorama vital do noso porvir.

E nada máis, señoras e señores, coas ideas que vos levo eisposto, penso que vos apuntei unha aitude diante do arte que non pode ser máis que a aitude esixida poloprogreso da humanidade, por unha forza superior do mundo entero, da que non podemos devencellar a Galicia.

A primeira finalidade do noso movemento nacional é refacer na historia a sifificación ecuménica da nación galega. Refacer de novo a nosa Patria, equivale a tanto, coma proieitar sobor dun porvir — desde o presente saturado de verdades novas — o segredo dun pasado xenial. E si Galicia ha de térla valorización cultural de persoa diferenciada na Asambreia da humanidade, precisa de contornos que a avalen. Por eso nós colocamos polas esquinas do ar da nosa Terra, as inquedanzas más grandes dun futuro nacional. Por eso, ollando bén aos ollos normativos, trascendentais da Europa nova, tecemos con materia galega, un arte universal. Por eso, ante un programa que se afunde, ante unha táctica anacrónica que fracasa, a mocedad galega, que é nosa e é do mundo, anda a burilar cos seus más grandes entu-

sasmos, o pregón de valores imponderábeis que determina a persistencia no tempo e ao traveso do espacio, de Galicia. De Galicia, nación na sua política que tén de ser diña, ceibe, idealista e nova. De Galicia, nación na sua cultura que ten de ser fecunda e acuñada coa alma racial pra se fundir, logo, con persoalidade propia, baixo do novo crisma: universo. De Galicia, nación na sua poesía, na sua prosa, no seu arte, en fin, que significa tanto como conquerir o seu avance que, precisamente, por ser auténtico, é vital. Esto non é toleria, nin snobismo. É señoras e señores, o senso verdadeiro da revolución

que é preciso operar definitivamente en Galicia, pra constituila, en consecuencia, no noso propio benestar espiritual e na sua finalidade resurreita e xenial.

Eu, sin sairmos dos lindieiros do arte, atopo nel, no que trazaron os imaxineiros do noso meioevo, coma niste que se desliza polos novos caminos e do que é un espoñente real Virxilio Blanco, unha invitación pra voltar ao xenio íntimo de Galicia. Unha orde que encerra todo un plan de marcha pra alzar esa imaxe de Patria que arelamos, por enriba de toda a xuventude do mundo.

## M I T T E L E U R O P A

(Proseguimento de Da Alemaña)

por VICENTE RISCO

### II VIENNA

O postre foi melón, uvas e un præxego moi bó.

As señoras falaron o que quixeron, e eu calado. Había unha mais nova, fea e repunante qu'a todo lle puña chatas, sobre todo ás persoas de quen falaban. Tiña unha fala fingida que lle saía por un bico estreito qu'ela puña de cù de polo. Era atacante.

Fumamos, din as boas noites, e fume deitar.

#### UN DIA D'ENCERRO

Durmin moito. Cando m'erguin, precurei a hora e eran as dez. Bulin a presa pra ir à misa na Elisabeth Kirche. Ouvín a de once. A gente cantaba, pero non houbo sermón. Despois da misa pecheime na casa, porque tiña qu'escribir, arranjar os papeis, clasificar as notas, preparar traballo, e isto todo levaba tempo. Estiven sentado á mesa, por frente ao páteo feo. Ademais, chovia.

Chamaron a jantar. As señoras ja eran sete. A miña beira puxeron unha rapaza noiva, nen feia nem bonita, pasadeira, c'un nariz raro, cortado en bisel. Toda queimada do sol, moi acesas as meixelas, o encarnado

faguialle brillar mais os ollos azúes craros. Estaba calada, coma min. As outras falaban.

Falaron d'unha conocida d'elas, qu'acababa de casar. Casara c'un rapaz escritor, de religión evangélica. A dos antellos conocíao; a repunante tamén.

A repunante falou d'il con acenos de disprecio no bico de cù de polo: si, era escritor, pero moi bohemio, non tiña ningunha sociedade... Eu matinaba pra contra min: quen cho dera a tí, pouco chistel! A vella comentaba póndose no plato compota, en compañía da carne con salsa e croquetas de patata que nos deron despois da sopa:

—*Schriftsteller!*

Semellaba ironizar á conta do escritor.

Despois do plato aquil, serviron arroz en dulce. Se non estivera un pouco compauto de más, estar estaba ben. Por riba tiña unha salsa de chiculate. Velehi está onde fun atopar unha das nosas millores lambiscadas. Veredes que a cocinha préstase a un fondo estudio geográfico e etnográfico; por iso e polo demais, non perdo ocasión de falar d'ela.

Despois de jantar, coma non tiña tabaco, fun tomar café n'un café d'eiquí do barric,

tamén café de vila rural, con espellos pequenos nas paredes. Dérонme o café con *Sahne* e con dous giornais, dos que, por non faguer disprecio, leñ un. Por il entereime da unión eleitoral, en Berlin, dos nazionalsocialistas cos comunistas. Diredes: o qu'un vé n iste mundo! E non é tan d'ise geito. Son tantas as semellanzas, que non precisan ser extremos pra tocárense. O espricalo ben precisaría un curso de politeca, unha das cousas da que todos falan e ningún entende; ademais que parte do esencial ja a deixei dita, e agora hai cousas millores de que falar.

Fixenme con tabaco e tornei á casa. E traballei e matinei longamente nas miñas cousas, n-aquela tristeira soedade, frente ao pátio escurento onde chovia sen descanso

... «comme il plent sur la ville»

N-esas cousas que se pensan e se calan, N-esas cousas que son d'un e somentes d'un o mais propio, o tesouro espirtoal de ditas e de penas qu'un agarda pra si, e que son o único importante que hai no mundo, a verdadeira vida acochada na intimidade, da que cecais nen tan xiquera a morte o pode privar, pr'a qu'un non desexa tampouco ningún río Limia que lle dea esquecemento, porqu'ainda a dói pasada énos tan querida que nona quer perder nosa memoria. Santa memoria, idéntica á y alma. Se Platón dixo que saber é lembrar, eu digo mais: vivir é lembrar. O recordo e mais o ser son a mesma cousa. E eu son da terra da lembranza e do lirismo, ond'ainda é posibele a suma intimidade, o solagamento total do home en si mesmo, e eiquí, longe de todo o mais amado, sinto con delicioso medo renascer o introvertido qu'eu fun cand'eu era e que deixei de ser en parte, pra gastar, malpocado, tanto do meu ser.

A ninguén se pode aconsellar que faga o qu'un fai; os gustos —di Nietzsche— poden ser diferentes. Non me debe intresar tampouco dar consellos, pra qué? Mais vós, os que sexades capaces de gustar a vida interior, veleiquí o que vos digo: ben está o escribir, e locir, e saber e facer, mais quen ten dereito a que escribades e fagades? Que fermoso e que fondo é o silenzio, que digno e que nobre! E que ordinario e baixo o balbordo e a

leira onde calquera ten a palabra! Gardai por tanto, aforrai a vos y alma.

Cando chamaron pra cear andaba eu longe, mais retornei sen pena. Fun un pouco sonámbulo ao comedor. As señoritas eran oito, e na outra cabeceira había un señor vello de manifeca facha, cabelo e bigotes com'as neves dos Alpes d'onde baixa o Danubio, o qual ergueuse moi fino pra me vir dal-a man. En Viena, case todolos señores semellan Archiduques, e vése qu'ainda se conservan as maneiras do bon tempo vello. Pensa un se non serán istos modestos señores de facha aristocrática qu'un atopa na rua, títulos da Corte dos Habsburg arruiflados pol-a revolución, ou se non se trata mais ben d'unha raza extraordinariamente afinada e distinta deica ser naturalmente aristocrática. Porque d'estes tipos non se ven en Berlin, nem en Praga. Non precisan penachos nem uniformes pra semellaren tipos cortesáns, senón qu'o levan no seu natural, coma de nacencia. Cecais foi o exemplo educativo da corte imperial o que produciu istos modelos de selección, já tan escasos no mundo, e por elo mais valiosos.

Déronnos macarrón con salsa de tomate doce, que francamente, non me gustou nada, e compota de pera. A miña veira estaba a rapaza queimada do sol, calada coma sempre. O señor aquil bebia cerveza. Eu nona pedin por non facer rubil-a conta. Fumamos, saudei e funme deitar.

Enantes tratei de seguir-o fio do meu pensamento anterior, mais já foron outras cousas as que viñeron á cabeza. Ainda as andiven perseguindo unha migia.

Por fin metinme no leito. Fora un dia descanzado.

## OFICINA

Erguinme ás nove da mañá. Despois do almorzo, fixen chamar por teléfono ao señor Fadrús, pra quen traguía unha carta de Berlin. Responderon qu'iba no Ministerio d'Instrucción Pública, Minoretten Platz.

Conque, vestinme de señorito, e fun á Kärolinen Platz collar o autobús, e chegwei á Stephen Platz. Estiven na catedral, porque era a Virgen dos Remédios, perguntei a que

hora habería misa, dixéronme que ás doce. Faltaba pouco mais d'unha hora. Entón fui a Minoriten Platz, pol-o Graben e Kohlmarkt, ruas cheas de gente e autos, con moi-to comercio, e logo por Herrengasse, desemboquei por un canellón na eirexa dos Minoritas qu'está no meio da praza, outa, esbelta, ojival e toda negra. Precurei o Ministerio, antr'os varios que hai n'aquela praza. Un edifizo antigo, grande e neoclásico. Perguntei a unha vella que había no portal —única persoa que había en toda a praza— e a vella amostroume unha escalaera.

Pol-a escalaera chegou ao segundo andar, onde m'indicara a vella, a un gran descanso escuro, do que saían moitos corredores coma boca de lobo. Por baixo d'algúns portas saía luz eléctrica. Todo era vello, escanastrado, cheo de poeira. Pasaron dous empregados con papeis. Sentada nun sofá curvado de rejilla, había, aguardando unha sorte de metrola. Ao lado había unha porta que tiña dous letreiros aos lados; un d'iles dicia: «Ministerialrat Viktor Fadrus». Abordei a metrola. A metrola dixome que tiña que falar co Sr. Fadrus nada mais que vinte minutos (nós contamos por horas, meias horas, quartos de hora e instantios; os alemás contan por minutos e meios minutos), e que non sabía o tempo qu'ali estaría o Sr. Fadrus.

No demais, a metrola era coma todal-as metrolas de todos lados, das que eu coñezo, das que todos coñecemos tantas. Non é somentes o sacerdocio; a pedagogía tamén imprime caraute, e a burocracia tamén, coma imos ver aixiña.

A metrola e mais eu pasamos a unha antecamisa pequena, escura e vella, alumeada con luz eléctrica, unha lámpada ruín, das que cand'eus era rapaz chamábamos lucecú, o mais, de cinco bugias nominás. Había dous d'ises almarios oficiales que na Hespaña chaman «taquillas», vellos, lisos, negros e feos. Na miña vida vin cousa mais tristeira qu'iste Ministerio onde tod'o é vello e ruín, coma já non se vé nas oficinas hespañas. Que horror debe ser vir eiquí a oficina!

No despacho do Ministerialrat ouvisse falar alto. Agardamos un pedazo. Por fin, ouvíuse que un dos dous que falaban repetía apresa:

—Ja, ja, ja...

Com'aquil que di que si pra que non lle falen mais, cando tén gana de rematar unha d'estas visitas pelmas da oficina, dicindo a todo que si pra que se vaian aixiña.

Así foi. Abriuse a porta, surtiu un señor, e quedou tendo man da porta ouiro ouro, moreno, de bigote recortado e vestido gris escuru, que no tipo me lembrou un pouco ao Prof. Gamillscheg. Sen ceibar a porti, fixo pasar á metrola, pechou e falaron, coido que menos dos vinte minutos. Eu agardei ali de pé, lembrándome d'unha chea de chefes de negociando qu'eu coñezo. O Sr. Fadrus imitábase a todos iles, emparentado com'estaba co-iles pol o cárrego, mais que pol-a raza, educación, etc., etc. Tamén a burocracia imprime caraute, coma o magisterio, coma o sacerdocio.

Por fin surtiu a metrola, e o Señor dixome qu'entrara. Entreguei a carta que me dera o Dr. Brämm. Eu era d'aquela un galego ao que non faltaba mais qu'o pariaguas.

O Sr. Fadrus fixome sentar na forma que o fan os alemás nos despachos e oficinas, e que vou tratar d'espricar. O señor que recibe sientase na sua cadeira de sempre, atrás da mesa. Ao visitante ponlle outra cadeira achegada a un dos lados menores ou cabos da mesa, mais non en posición de se sentar á mesa, senón cara a parede que cadra detrás do Señor que recibe. Quero decir que a cadeira do visitante está de frente á do Señor que recibe, somentes que en lugar d'estar do outro lado da mesa, face a face, está desviada no cabo. D'esta sorte, o visitante áchase sempre nunha posición inferior, nun dos lados menos honorables da mesa, e ainda así, nen xiixerá de cara a il, e pol-o tanto sempre un pouco encolido e dominado. O Señor que recibe fica atrás da mesa perfectamente parapetado e defendido, en posición forte. Isto indica unha fina observación psicolóxica, que, naturalmente, non lle ven aos alemás da psicología experimental, cencia barata á qu'iles deron tanto pulo; non, isto é da psicología superior de home de mundo ou de sabio auténtico, d'i-es sa-

(continuará)

Dr. Amancio Caamaño

SANATORIO QUIRÚRXICO

Pontevedra

suscríbase a



semanario  
gallego de  
izquierdas

MERQUE VOSTE DE  
**Plumeiros RAFIUM**

DE MÁIS DURA QU'OS DE PLUMA E LIMPAN MILLOR.

VÉNDENSE EN TODOL OS ESTABRECIMENTOS DO RAMO.

ANDRÉS PERILLE --- OURENSE

Sanatorio Quirúrxico de San Lorenzo  
**Santiago de Galicia**

Dos Profesores

**D. Fernando Alsina e D. Antonio M. de la Riva**

CIRUXANO

XINECÓLOGO

**FOTOGRAVADO**

Si quer qu'os seus fotografiados sexan o mais perfeito posibles, convenile envialos aos  
**Talleres de fotografiado ESPASA-CALPE S. A.**

Ríos Rosas, 24-Apartado, 547 MADRID

A sua biblioteca non será  
unha biblioteca galega,  
mentras non adequira as  
obras editadas por

**NÓS**

PUBLICACIONES GALEGAS E IMPRENTA  
SANTIAGO